



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

26 SEP. 2024 16:56:13

Entrada **41902**

## Sobre os requisitos de acceso á pensión de viuvez no caso de parellas de feito

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de anular o apartado c) da Disposición Adicional Cuadraxésima da vixente Lei 21/2021, do 28 de decembro, de garantía do poder adquisitivo das pensións e doutras medidas de reforzo da sustentabilidade financeira e social do sistema públicos de pensións.**

A Disposición Adicional Cuadraxésima (Pensión de Viuvez de parellas de feito en supostos excepcionais) da Lei 21/2021, do 28 de decembro, de garantía do poder adquisitivo das pensións e doutras medidas de reforzo da sustentabilidade financeira e social do sistema público e de pensións, incorre no seu apartado c) nunha discriminación, por exixir no caso de parellas de feito que a persoa beneficiaria non teña recoñecido dereito a outra pensión contributiva, requisito que non se exige para o acceso no caso de matrimonio.

Así, a citada Disposición establece que *“con carácter excepcional, recoñecerase dereito á pensión de viuvez, con efectos de entrada en vigor da presente Disposición, cando, producíndose o falecemento dun dos membros da parella de feito con anterioridade á mesma, concorran as seguintes circunstancias:*

*a) Que á morte do causante, reunindo este os requisitos de alta e cotización a que se refire o artigo 219 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, non se puido causar dereito a pensión de viuvez.*

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

26 SEP. 2024 16:56:13

Entrada **41902**



*b) Que o beneficiario poida acreditar no momento de falecemento do causante a existencia de parella de feito, nos termos establecidos no apartado 2 do artigo 221.*

*c) Que o beneficiario non teña recoñecido dereito a pensión contributiva da Seguridade Social.*

*d) Para acceder á pensión regulada na presente Disposición, a correspondente solicitude deberá ser presentada no prazo improrrogable dos doce meses seguintes á entrada en vigor da mesma. A pensión recoñecida terá efectos económicos desde o día primeiro do mes seguinte á solicitude, sempre que se cumpran todos os requisitos previstos nesta Disposición.».*

Distintas familias nesta situación trasladáronnos a súa preocupación por este elemento diferencial no caso das persoas que acceden á pensión de viuvez polo falecemento dunha das persoas parella de feito anterior ao 1 de xaneiro de 2022.

Non pode entenderse a diferenza de trato e que, polo feito de cando se producise a morte da parella se aplique un criterio distinto. A actual normativa no seu apartado c) da Disposición Adicional Cuadraxésima establece unha discriminación na compatibilidade de ambas as pensións. O feito de que afecte maioritariamente as mulleres agranda na brecha de xénero.

A Lei de Familias en tramitación neste momento do Congreso recolle que ten por obxectivo o pleno recoñecemento xurídico dos distintos modelos de familias e a súa protección, legal, económica e social. Pretende o recoñecemento da diversidade de familias e mellorar a protección do conxunto atendendo ao principio de non discriminación. Recoñecer a igualdade e atender as necesidades de familias con especiais necesidades como as formadas por unha soa persoa proxenitora, que é o caso ao que nos estamos referindo. Pretender superar a infrafinanciación histórica e as prestacións insuficientes, sobre todo para mulleres viúvas con fillos/as a cargo e potenciar unha maior coherencia normativa.



**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Vistos os obxectivos fixados na Lei de Familias en tramitación, É consciente o Goberno da incoherencia que supón o apartado c) da Disposición Adicional Cuadraxésima referida á Pensión de Viuvez de parellas de feito en supostos excepcionais (Lei 21/2021) ao sinalar que se reconecerá dereito á pensión de viuvez cando “o beneficiario non teña reconecido dereito a pensión contributiva da Seguridade Social”?
2. Está en disposición o Goberno de eliminar ese apartado c) da Disposición Adicional Cuadraxésima (Pensión de Viuvez de parellas de feito en supostos excepcionais) da Lei 21/2021, do 28 de decembro, de garantía do poder adquisitivo das pensións e doutras medidas de reforzo da sustentabilidade financeira e social do sistema público e de pensións para rematar co que supón unha discriminación?
3. Impulsará a modificación para garantir a compatibilidade en igualdade de condicións dos que acceden á pensión de viuvez por esa disposición adicional cos que acceden posteriormente con causa en unións de parellas de feito e as persoas que acceden por unha unión matrimonial?
4. Adoptará medidas para o incremento das pensións máis baixas como son as de viuvez ou orfandade?

Madrid, a 26 de setembro de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la necesidad de anular el apartado c) de la Disposición Adicional Cuadragésima de la vigente Ley 21/2021, de 28 de diciembre , de garantía del poder adquisitivo de las pensiones y de otras medidas de refuerzo de la sostenibilidad financiera y social del sistema públicos de pensiones.**

La Disposición Adicional Cuadragésima (Pensión de Viudedad de parejas de hecho en supuestos excepcionales) de la Ley 21/2021, de 28 de diciembre , de garantía del poder adquisitivo de las pensiones y de otras medidas de refuerzo de la sostenibilidad financiera y social del sistema público y de pensiones, incurre en su apartado c) en una discriminación, por exigir en el caso de parejas de hecho que la persona beneficiaria no haya reconocido derecho a otra pensión contributiva, requisito que no se exige para el acceso en el caso de matrimonio.

Así, la citada Disposición establece que *“con carácter excepcional, se reconocerá derecho a la pensión de viudedad, con efectos de entrada en vigor de la presente Disposición, cuando, produciéndose el fallecimiento de uno de los miembros de la pareja de hecho con anterioridad a la misma, concurren las siguientes circunstancias:*

*a) Que a la muerte del causante, reuniendo este los requisitos de alta y cotización a que se refiere el artículo 219 del texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social, no se pudo causar derecho a pensión de viudedad.*



*b) Que el beneficiario pueda acreditar en el momento de fallecimiento del causante a existencia de pareja de hecho, en los términos establecidos en el apartado 2 del artículo 221.*

*c) Que el beneficiario no tenga reconocido derecho la pensión contributiva de la Seguridad Social.*

*d) Para acceder a la pensión regulada en la presente Disposición, la correspondiente solicitud deberá ser presentada en el plazo improrrogable de los doce meses siguientes a la entrada en vigor de la misma. La pensión reconocida tendrá efectos económicos desde el día primero del mes siguiente a la solicitud, siempre que se cumplan todos los requisitos previstos en esta Disposición.”*

Distintas familias en esta situación nos han trasladaron su preocupación por este elemento diferencial en el caso de las personas que acceden a la pensión de viudedad por el fallecimiento de una de las personas pareja de hecho anterior a 1 de enero de 2022.

No puede entenderse la diferencia de trato y que, por el hecho de cuando se hubiese producido la muerte de la pareja se aplique un criterio distinto. La actual normativa en su apartado c) de la Disposición Adicional Cuadragésima establece una discriminación en la compatibilidad de ambas pensiones. El hecho de que afecte mayoritariamente las mujeres ahonda la brecha de género.

La Ley de Familias en tramitación en este momento del Congreso recoge que tiene por objetivo el pleno reconocimiento jurídico de los distintos modelos de familias y su protección, legal, económica y social. Pretende el reconocimiento de la diversidad de familias y mejorar la protección del conjunto atendiendo al principio de no discriminación. Reconocer la igualdad y atender las necesidades de familias con especiales necesidades como las formadas por una sola persona progenitora, que es el caso a lo que nos estamos refiriendo. Pretender superar la infrafinanciación histórica y las prestaciones insuficientes, sobre todo para mujeres viudas con hijos/as a cargo y potenciar una mayor coherencia normativa.



**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. Vistos los objetivos fijados en la Ley de Familias en tramitación, ¿Es consciente el Gobierno de la incoherencia que supone el apartado c) de la Disposición Adicional Cuadragésima referida a la Pensión de Viudedad de parejas de hecho en supuestos excepcionales (Ley 21/2021) al señalar que se reconocerá derecho a la pensión de viudedad cuando “el beneficiario no haya reconocido derecho la pensión contributiva de la Seguridad Social”?
2. ¿Está en disposición el Gobierno de eliminar ese apartado c) de la Disposición Adicional Cuadragésima (Pensión de Viudedad de parejas de hecho en supuestos excepcionales) de la Ley 21/2021, de 28 de diciembre, de garantía del poder adquisitivo de las pensiones y de otras medidas de refuerzo de la sostenibilidad financiera y social del sistema público y de pensiones para finalizar con lo que supone una discriminación?
3. ¿Impulsará la modificación para garantizar la compatibilidad en igualdad de condiciones de los que acceden a la pensión de viudedad por esa disposición adicional con los que acceden posteriormente con causa en uniones de parejas de hecho y las personas que acceden por una unión matrimonial?
4. ¿Adoptará medidas para el incremento de las pensiones más bajas como son las de viudedad u orfandad?

Madrid, a 26 de septiembre de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**